

# INFORME


## ENQUISA A DOCENTES

## TELEDOCENCIA EN CORENTENA



Confederación Intersindical Galega

**ENSINO**



# IDEAS CHAVE

- As “aulas” e a fenda dixital e social: unha metade con importantes ausencias e a outra coa maioría dos seus “pupitres” baleiros.
- O 61% do persoal docente ten problemas para conectar co seu alumnado.
- O alumnado con NEAE sofre unha dupla desconexión: máis de dous terzos das docentes sinalan unha menor participación e insuficiencia de recursos específicos.
- O profesorado tirou de recursos propios e da colaboración con outros docentes. O uso de recursos da Consellería é moi reducido.
- A adaptación á teledocencia implicou unha sobrecarga moi elevada de traballo para dous terzos do profesorado. En moitos casos dificultando o seguimento de todo o alumnado.
- O 95% considera insuficiente a actuación da Consellaría.
- O 93% demanda uns novos criterios claros de avaliación.
- O 79% do profesorado considera que o mellor criterio neste final de curso é a promoción aberta á excepcionalidades fixadas polas equipas docentes e que en ningún caso estea condicionada polo coronavirus.
- Un 74% entende que vai existir unha afectación importante no curso seguinte.

## A razón do inquérito

O profesorado galego, como o de todos os países do mundo afectados pola interrupción brusca da docencia presencial derivada da pandemia da covid-19, está a afrontar unha situación inédita e excepcional na súa vida profesional. A readaptación, en moi pouco tempo, do modelo de ensino-aprendizaxe e nunhas condicións persoais adversas e nalgúns casos mesmo traumáticas (confinamento, coidados familiares, enfermidades, falecementos..), veu acompañada dun sen fin de problemas derivados da fenda dixital, como novo síntoma da profunda fenda social e económica que retrata perfectamente as sociedades capitalistas.

Desde o primeiro momento pretendemos, como sindicato, dar resposta ás situacións coas que tomabamos contacto a través dunha comunicación tamén truncada, coa imposibilidade de manter un modelo sindical de presenza nos centros que caracteriza á CIG-Ensino. As redes sociais, os innumerábeis correos electrónicos e os centos de chamadas aos nosos locais situaban perfectamente os problemas que o sindicato debía denunciar e sobre os que debía ter un posicionamento diante do desgobierno e abandono da Xunta en materia educativa.

Mais botabamos de menos poder ter unha maior información sobre o mapa desa fenda dixital, un debuxo veraz da carga de traballo e das condicións previas tanto do profesorado como do alumnado. Unha tarefa que lle correspondería á Consellaría de Educación, claramente superada polas circunstancias. Como non foi así, fixémoslo nós. Este é o resultado.

# A SITUACIÓN PREVIA




## O perfil das respostas

Entre o 11 e o 16 de abril de 2020, 6.352 docentes galegos responderon a unha enquisa elaborada pola CIG-Ensino, sindicato maioritario no sector educativo público.


O 34% das repostas son de mestres e mestras que imparten en Infantil, Primaria e Educación Especial, o 61% son docentes de secundaria e FP e o 5% traballan en escolas de idiomas e outros centros de ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas de arte, etc)... A maior parte das respostas proveñen de profesorado que imparte ESO e Bacharelato (42%) e Infantil e Primaria (32%), por un 15% de quen imparte en FP.

Por ámbito xeográfico algo menos da metade traballa en centros urbanos (46%), sendo case o 17% quen están en centros de vilas de entre 10.000 e 20.000 habitantes, o 19% en centros de vilas de entre 5.000 e 10.000 habitantes e perto do 18% no medio rural.

Algo máis dunha cuarta parte das respostas (27%) proveñen de mestres ou mestras que dan clase nunha única aula, con alumnado dun mesmo ou máis cursos, mentres que o 47% das respostas son de docentes que imparten a varios grupos, atendendo até 100 alumnos. Case un 19% do profesorado









imparte aulas a máis de 100 alumnos e alumnas, chegando case ao 3% os que dan docencia a máis de 200 alumnas e alumnos, o que dá unha imaxe bastante clara da complexidade do traballo diario do profesorado e, como é obvio, dos efectos da irrupción da docencia non presencial. Tamén contestaron á enquisa profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e docentes responsábeis da Orientación nos seus centros (case un 7% do total das docentes que contestaron o cuestionario).

## Os centros docentes

O 69% do profesorado que contestou á enquisa afirma que no seu centro existía unha aula virtual ou algún outro sistema similar para desenvolver a teledocencia. Este dato difire moito en función da tipoloxía do centro, xa que nos de infantil e primaria os datos cambian radicalmente.







Nos CEIP e centros similares só existe aula virtual ou recurso similar nun 36% dos centros mentres que nos IES, CIFP e demais centros de niveis superiores a existencia previa deste recurso chegaba ao 86%. Malia todo cabe salientar que máis dun 5% das docentes que responderon afirmaban descoñecer se existía ou non ese recurso no seu centro. Chama a atención que un 13% deses recursos telemáticos non estean aloxados

en servidores da Consellaría de Educación, un feito con máis incidencia en centros de infantil e primaria (20%) que en secundaria (9%).

## O alumnado

A existencia de recursos non implica, evidentemente, que estes sexan usados, o que ten toda a lóxica nun modelo educativo presencial e socializador. De aí que atopemos resultados como que a maioría do alumnado non traballaba previamente con recursos en liña (53%). Este dato tamén é moi diferente se o comparamos por niveis educativos. Mentres que uso deste tipo de recursos é moi reducido en infantil e primaria (18% do alumnado), este ten unha maior incidencia nos centros de secundaria, FP e réxime especial (53%), o que de novo garda relación coas diferenzas entres as distintas etapas e niveis educativos. No caso de secundaria cabe salientarse, en todo caso, que case un 40% do alumnado non traballara previamente con recursos en liña como aulas virtuais ou ferramentas similares, o que tamén axuda a entender moitos dos problemas que se detectan nas respostas deste inquérito sobre a interlocución e participación con alumnado de ESO e outras etapas educativas de nivel superior.





## O profesorado


Tal como manifesta a maioría do persoal docente (54%) nesta enquisa, non contaba con formación ou experiencia previa na teledocencia. Este dato é máis elevado en primaria (70%) que en secundaria e outros niveis (45%). De novo, polas diferenzas entre as idades do alumnado e os niveis educativos, chamamos a atención sobre o feito de que case a metade do persoal docente de ESO e niveis superiores afirme que se tivo que afrontar a esta nova situación practicamente de cero, co que isto implica de esforzo e dedicación.

O desenvolvemento persoal no uso de ferramentas como estas é valorado como insuficiente para máis dunha cuarta parte do profesorado (29%). Unha porcentaxe algo inferior (22%) considera que, ben por experiencia ou por formación, se atopa altamente cualificado para o ensino a distancia. No medio, unha ampla maioría (case o 49%) considera como suficiente ou media a súa formación. Un dato que unido a outras respostas do inquérito pon en contexto a capacidade de adaptación do profesorado

galego para responder á nova realidade provocada pola pandemia.

De feito, as carencias e falta de formación ou de experiencia previas na teledocencia levaron ao 79% do profesorado a formarse no uso de ferramentas ou plataformas dixitais nestas primeiras semanas desde a implantación do estado de alarma.

Falamos, por tanto, dunha inmensa maioría do persoal docente galego que simultaneou a ruptura do modelo presencial da docencia, a readaptación a novos formatos e medios para relacionarse co seu alumnado cunha obrigada formación acelerada para poder asumir as esixencias da nova situación, algo que debe ser claramente posto en valor, sobre todo porque como veremos máis adiante, esta adaptación fíxose a costa dun sobreesforzo moi importante, sen



apoio da administración educativa e partindo, en moitos casos, da aprendizaxe compartida con outros compañeiros e compañeiras, tanto do propio centro como de fóra del.

Mentres que a cuestión que se formulaba sobre a experiencia previa do alumnado no traballo en liña era de carácter máis xeral, xa que se buscaba coñecer o uso de todo tipo de recursos, o persoal docente foi consultado especificamente sobre o uso da aula virtual. Neste caso, evidénciase que é unha ferramenta de uso moi limitado en infantil e primaria (perto do 90% non a usou nunca) e dous terzos (67%) non fixera uso dela nas etapas da ESO e superiores. Parece obvio poñer en contexto esta situación de partida previa con dúas realidades: por un lado a propia diferenza das etapas educativas e da idade do alumnado e, por outro, as diferenzas lóxicas da menor participación do alumnado en formatos a distancia nas etapas iniciais do sistema educativo.



## Os recursos do profesorado

A obriga de traballar desde as casas no caso do profesorado non veu acompañada, como acontece noutros sectores laborais que tiveron que acudir ao teletraballo, coa achega de medios por parte da administración. A inmensa maioría

do profesorado afronta a teledocencia cos seus propios recursos tecnolóxicos e económicos.

A fenda dixital ten unha menor incidencia no caso do persoal docente, xa que unha gran maioría se conecta mediante fibra o ADSL (83%). Non debemos deixar de lado, de todas formas, que o resto tirou de datos dos seus móbiles ou dunhas conexións, case en exclusiva no medio rural (Radio ou 4G) que, en primeiro lugar, dificultan enormemente ou mesmo imposibilitan participar en videoconferencias co resto do equipo docente ou co alumnado ou mesmo subir contidos á rede (vídeos, etc..). Unha menor incidencia ten, mais non a podemos esquecer, a das persoas que afirman que nos seus domicilios non dispoñen de conexión a internet (0,55%).

Unha parte moi destacada do profesorado está a usar un único dispositivo persoal para a teledocencia (69%), e neste caso é o computador o máis empregado (sumando o uso do compartido co resto da familia e o particular). Destaca, neste sentido, que haxa moito profesorado que ten que usar dous ou máis dispositivos, o que sen dúbida está en relación coas propias limitacións que temos nas nosas casas, xa que só a metade das respostas apuntan ao uso de computadores de uso particular e non compartido.






# ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

Partindo do retrato que nos dan as respostas da situación de partida, absolutamente condicionante en calquera momento e máxime neste, un dos propósitos deste estudo era centrarse en como se está a desenvolver a docencia durante o confinamento nas nosas casas, nas do profesorado e, pola información que este ten, nas do alumnado.

## A fenda dixital limita enormemente a teledocencia



Os datos non deixan lugar a dúbidas. Só un escaso 20% do persoal docente afirma que pode interactuar sen problemas co seu alumnado. A maioría (61%) di que pode comunicarse con limitacións, principalmente con orixe no alumnado (o 82% dos que teñen limitacións) mais en menor medida tamén dos e das docentes (18%). O principal problema está, loxicamente, no 18% que non tivo ningunha posibilidade de se conectar co seu alumnado. Neste caso son tanto relacionadas co alumando como co propio profesorado. Un dato a ter en conta na imposibilidade de interactuar co alumnado está na maior afectación derivada de vivir no ámbito rural, xa que ao respecto do alumnado que vive en




ciudades e vilas medias, hai un diferencial de dez puntos porcentuais (45% fronte a 34 ou 35%) como motivo que explica a falta de comunicación co profesorado.

## Alumnado desconectado

No 25% das aulas do profesorado que contestou ao cuestionario a participación é inferior ao 30%. Este é sen dúbida o dato máis contundente de cantos nos achegan os docentes sobre os niveis de participación do seu alumnado. Fronte a este dato, só un 10% das aulas rexistran unha participación maior do 90% dos discentes. No medio, unhas cifras que constatan a desconexión dunha parte moi importante dos nenos e mozas das aulas. Se fixamos un grupo de aulas cunha participación superior ao 70% só nos quedamos no 28% das respostas do profesorado e se estendemos o cómputo a participaci3ns por riba do 50% das alumnas e alumnos só chegamos ao 48% dos grupos. É dicir, o profesorado dinos que en máis da metade das súas aulas participa menos da metade do alumnado. Con diferenzas en cada resposta por niveis educativos, o certo é que observados por conxuntos máis amplos, non






se producen grandes diferenzas entre primaria e os resto dos niveis educativos.

Así, en primaria é o 71% do profesorado o que cifra en menos do 50% do alumnado participante mentres que na ESO, Bacharelato e FP é o 68% e nas EOI e ensinanzas de réxime especial é o 70%. Estes datos confirman que a fenda dixital da que falamos a todas horas tería niveis de abismo, porque só así cabe cualificar o feito de que en secundaria unha participación superior ao 70% do alumnado nas aulas se limite ao 12% destas.

Igualmente relevante é que sobre un 22% do profesorado non saiba cal é a razón de que o seu alumnado non estea participando no teletraballo, o que evidencia as carencias para detectar as súas necesidades.





Por tanto, a foto final da participación nas nosas alumnas e alumnos no día a día desta teledocencia forzada é, por analoxía a un centro escolar ordinario, a dunha metade das aulas con importantes ausencias e a doutra metade das aulas na que a inmensa maioría dos seus "pupitres" están baleiros.

## A dupla desconexión: o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Fixar a ollada no alumnado que, ben por motivos puramente técnicos ou de índole socioeconómica, está descolgado do proceso de aprendizaxe e suma ao confinamento físico unha outra reclusión educativa, era un dos obxectivos do presente estudo, cuns datos que nos indican sen marxe de dúbida que moito haberá que reorganizar e readaptar no próximo curso escolar e mesmo nos seguintes. Mais non quixemos deixar de lado unha realidade que está permanentemente nas nosas preocupacións e demandas: o alumnado con NEAE. E as respostas das compañeiras e compañeiros non deixan lugar a dúbidas: estes nenos e nenas sofren coa interrupción das aulas unha dupla desconexión, xa que neles incide con maior carga de profundidade a falta de recursos e de participación específica.

Máis de dous terzos das respostas apuntan a unha diferenza apreciable co resto do alumnado. A metade delas (case un 35% do total das respostas) sería por unha menor participación deste alumnado mais destaca que unha porcentaxe case igual (31%) apunta aos insuficientes recursos e materiais adaptados. Só un reducido 20% dos



docentes que responderon considera que a participación é similar.


Por niveis educativos a menor participación non ten moita diferenza entre primaria e secundaria. Porén, si ten relevancia a distinta valoración de mestras e mestres sobre a insuficiencia de materiais e recursos específicos en primaria, onde se eleva doce puntos porcentuais (39%) sobre o que nos informan as docentes de secundaria. Tamén chama a atención a apreciación sobre a participación similar, sendo moi superior en secundaria que en primaria, con máis dun 10% de diferenza.

O profesorado achega tamén un dato de valor respecto á atención ao alumnado con NEAE: o 85% afirma que non recibiu ningunha indicación específica para traballar con este alumnado empregando a formación a distancia. Se unimos esta afirmación coa demanda de instrucións e apoio específico presentes noutras respostas ao inquérito é fácil chegar á conclusión de que estas serían especialmente necesarias.

## O papel do profesorado

Nesa sorte de inmersión abrupta á teledocencia na que se mergullou o persoal docente galego, quixemos centrar unha parte das cuestións en coñecer como se adaptou, como se relaciona co alumnado e como resulta a coordinación co resto do equipo docente, ao seren parámetros fundamentais para poder definir a realidade na función docente en corentena.

As respostas sobre os medios empregados polo profesorado para interactuar co alumnado gardan estreita relación coa escasa relevancia das aulas virtuais no noso modelo educativo. Así, o 38% das docentes emprega o






correo electrónico para se comunicar co seu alumnado no envío de tarefas, propostas, consellos ou traballos. Se unimos este dato ao 26% que afirma compartir material propio ou xa existente en internet, temos un retrato bastante veraz de como nos conectamos e proporcionamos recursos nas nosas aulas. O uso de material proporcionado pola Consellaría ou editoriais (nomeadamente citábase Edixgal no cuestionario) é moi reducido, limitado ao 7%.

## Unha adaptación que implica un sobreesforzo moi importante.

Dous terzos do profesorado que cumprimentou a enquisa afirma que a nova situación creada coa suspensión da docencia presencial e o confinamento lle supuxo un incremento moi importante de traballo, o que é doado de concluir se partimos da situación previa tamén analizada neste informe. En concreto, un 34% salienta que é

quen de levar adiante a teledocencia con algunhas dificultades mais co custe dun elevado sobreesforzo. Outra porcentaxe case idéntica (33%) asegura que o enorme incremento de traballo que lle supuxo esta adaptación está a dificultar seguir con normalidade a evolución da teledocencia con todo o seu alumnado. Tan só 11% se adaptou sen grandes contratempos. Hai tamén un 20% que non avalía esta adaptación ao considerar que a súa escasa incidencia non o permite facer, e novamente esta porcentaxe é maior en etapas educativas como infantil e primaria (30%), confirmando unha pauta xeral en todo o




cuestionario, o que obedece como xa comentamos á propia realidade destes niveis educativos e da idade do seu alumnado.

Se reparamos en diferenzas na adaptación a esta nova realidade por niveis educativos nos que traballa o profesorado, tamén podemos detectar como a porcentaxe de quen non tivo especiais problemas é inferior en primaria que no resto dos niveis educativos (7% e 13% respectivamente), e aínda que se producen variacións porcentuais entre quen, a base dunha sobrecarga de traballo moi importante, pode seguir con certa normalidade e quen presenta moitas dificultades para atender a todo o alumnado, a inmensa maioría do profesorado de todos os niveis se sitúa entre estas dúas realidades, con valores que roldan ou superan un terzo do profesorado en cada caso.

A propia realidade que viven os miles de docentes que contestaron ao inquérito tamén ofrece unha visión moi diferente sobre como se ve afectada a coordinación docente nos tempos do confinamento. Neste sentido era ben ter en conta que é precisamente a coordinación e o traballo en equipo un dos principais factores prexudicados polos recortes da última década durante o goberno Feixóo, co incremento de carga lectiva en detrimento doutras funcións.

Se unimos a preocupante inexistencia de coordinación (11%) coa que se considera mínima (15%) e aquela que pola afectación da reclusión nos nosos fogares se limita a cuestión puntuais (27%) temos a unha maioría do profesorado que




valora como determinantes os efectos da suspensión das aulas na coordinación pedagóxica. Hai un 25% de docentes que non viron alterada, en liñas xerais, a coordinación previamente existente e case un 21% que afirma que esta aumentou. Os índices por niveis educativos ofrecen lixeiras diferenzas sen relevancia entre infantil e primaria ao respecto das demais etapas educativas no que é a maioría das respostas (aquelas que acreditan unha certa continuidade ou unha afectación que limita mais non impide a coordinación). Onde si podemos ver datos distintos é nos valores extremos. En primaria tería aumentado máis a coordinación que en secundaria e outros niveis superiores (un 24% por un 18% respectivamente) mentres que a suma da inexistencia de coordinación coa redución ao mínimo é xustamente ao contrario (redúcese a un 21% en primaria por un 29% nos demais niveis).


## A relación coa administración e a inspección educativa

Unha das principais evidencias que nos deixan as primeiras semanas da afectación do estado de alarma na


Consideras necesarias as orientacións para adaptarte á teledocencia?



Recibiches orientacións para a teledocencia desde a suspensión das aulas?



Valoración da labor da administración





actividade profesional do profesorado e de toda a comunidade educativa, como se evidencia nas críticas absolutamente xeneralizadas, é o desgobierno e desaparición da Consellaría. Unha Consellaría a todas luces superada polos acontecementos, incapaz de reaccionar e avanzar na adopción de medidas e instrucións de cara a como afrontar o final de curso.

Esa crítica tamén encontra respaldo na apreciación que o profesorado fai na enquisa sobre o papel da Consellaría á hora de afrontar, con orientacións axeitadas, aspectos tan relevantes como a avaliación e promoción do alumnado. A práctica totalidade do

profesorado (95%) considera como insuficiente a actuación da administración educativa e tan só un 5% a considera axeitada.

No tempo transcorrido desde a suspensión das aulas, dous terzos do profesorado (66%) non recibiu ningún tipo de orientación sobre a adaptación das tarefas co cambio á teledocencia ou das destrezas a desenvolver co alumnado. Ese terzo do persoal docente que si recibiu orientacións ou indicacións afirma que foi sobre todo a través do resto do profesorado (52%), especialmente do propio centro (40%) e en menor medida de fóra do centro (12%). Un papel destacado xogan neste caso as direccións, que achegaron nun 44% dos casos as orientacións sobre posibles adaptacións á teledocencia. Un papel absolutamente irrelevante é o que xoga neste caso a inspección educativa, xa que só representa o 3% da información e orientación achegada. Insistimos, en todo caso, en que estas porcentaxes son sobre unha minoría do profesorado, sendo o dato máis salientábel que o profesorado, maioritariamente, afirma non ter recibido ningún tipo de orientación.





A ausencia de instrucións e orientación é un dato que debemos poñer en contraste coa propia demanda de información e asesoramento que o profesorado evidencia nas súas repostas. Sobre o total de docentes que non recibiron pautas ou orientacións específicas (lembremos que falamos dun 66% do total), hai un 63% que afirma que eran necesarias, se ben é certo que hai un elevado número de docentes que optaron por non contestar a esta cuestión (30%). Se temos en conta exclusivamente as repostas valorando como necesarias ou non esas orientacións, o dato é claro: o 90% así co considera.

Unha das cuestións formuladas centrábase en sabermos se existiran indicacións sobre algún tipo de plataforma para utilizar.

Neste caso hai un 64% de docentes que afirma ter recibido esa información. Neste caso, e como tamén parece lóxico ao teor do resto das repostas e das diferenzas evidentes entre os distintos niveis educativos, é máis elevada a porcentaxe en secundaria (67%) que en primaria (57%).

## Como rematar o curso e afrontar os efectos do confinamento

Un valor fundamental na enquisa, desde o punto de vista profesional, teno a valoración que o profesorado fai sobre como se debe actuar no 3º trimestre e como medir os efectos no futuro inmediato do inédito de estarmos nun confinamento persoal e nun modelo educativo totalmente alterado.

Na primeira cuestión formulada podemos observar unha división de opinións sobre como rematar a 3ª avaliación. Dúas metades exactas, co 48% en cada unha, parecen opoñerse sobre que solución adoptar: ou que non exista 3ª avaliación e o





curso se dea por rematado con data 12 de marzo ou que exista unha avaliación final na que se contemple tanto a participación do alumnado nas actividades programadas na teledocencia cando esta exista como a non discriminación do alumnado que quedou “desconectado”.

Porén, esta aparente división está claramente matizada en función da etapa educativa na que traballa o profesorado, o que novamente nos sitúa nunha realidade, a do sistema educativo, que debe afrontar os retos que se lle presentan tendo en conta as propias diferenzas inherentes á idade, desenvolvemento e características do noso alumnado e, por tanto, de como o profesorado debe dar resposta a elas na etapa educativa que corresponda.

Así, vemos como o 69% dos mestres e mestras que traballan en infantil e primaria consideran como mellor opción dar o curso por rematado, desde o punto de vista académico, no remate da 2ª avaliación. Pola contra, a opción maioritaria é a da avaliación condicionada e non discriminatoria nas demais etapas educativas: 59% na ESO, 63% no Bacharelato, 65% na FP e 58% no resto de ensinanzas.

No que existe un acordo moi maioritario entre todo o profesorado é á hora de cualificar como imprescindíbeis uns criterios de avaliación adaptados á nova situación. Se temos en conta ao profesorado que contestou a esta cuestión, é un 93% do profesorado quen así o considera.





Tamén é homoxénea a resposta do persoal docente sobre que criterios deben primar na 3ª avaliación e a promoción de curso académico. Case un 79% considera que o mellor criterio é unha promoción de curso no que as excepcións teña que fixalas o equipo docente en función da evolución do seu alumnado ao longo do curso, ciclo ou etapa segundo corresponda, mais sen que a interrupción da docencia presencial poida afectar a esa promoción. Outras opción como o aprobado xeral (4%) ou a promoción automática sen que o equipo docente poida fixar excepcións (14%) son claramente minoritarias.

Se observamos en detalle as respostas, tendo en conta novamente os diferentes niveis educativos, vemos como non existen neste caso diferenzas relevante. En infantil e primaria e nas ensinanzas de réxime especial a porcentaxe que prefire unha promoción aberta á excepcionalidade fixada pola equipa docente é do 74% e na ESO, Bacharelato e FP é do 82%.

Xa coa ollada posta na valoración das incidencias que o confinamento e a interrupción das aulas presenciais vaian ter no curso 2020/21 unha inmensa maioría do profesorado (74%) considera que vai ser relevante e afectará como mínimo ao 1º trimestre (46%) ou ben a todo o curso escolar (31%). Redúcese a un 20% opinión dunha escasa ou nula incidencia. A análise destas respostas por niveis educativos non amosa diferenzas salientábeis.

# GRAZAS!

Queremos agradecer a colaboración de todo o profesorado que participou anonimamente neste inquérito. Sen o seu apoio, como sempre, nada sería posíbel.

Este traballo non pretende ser un estudo estatístico irrefutábel e seguramente houbo preguntas que deixamos atrás ou algunhas que puidemos formular mellor. Ten tamén limitacións propias do formato empregado que aínda que lle resten valor científico non limitan nin o máis mínimo o logro do obxectivo buscado. Consideramos, por iso, que a luz que verte sobre a realidade que estamos a vivir é suficientemente intensa e clara como para que a administración educativa abra os ollos e reaccione. Tamén para que a sociedade en xeral aprecie as condicións nas que estamos, como docentes, afrontando esta situación inédita na nosa carreira profesional e, por que non, para que todas e todos nós, **o profesorado galego**, nos recoñezamos nesa tarefa, que con todas as dificultades, con erros e acertos, mais moi maioritariamente cunha importante dedicación, estamos a desenvolver como **parte central e insubstituíbel no proceso educativo**.

# VOCES QUE HAI QUE ESCOITAR

Foron miles os docentes que achegaron valor a esta iniciativa. Na enquisa abriuse tamén unha fiestra para achegas particulares. Moitas delas facían referencia a aspectos da enquisa que querían salientar, matizar, etc.. Porén, a maioría aproveitou ese espazo para achegar inquietudes e opinións que son dun alto valor. Foron un total de 1.601 observacións individuais. Facer unha selección sempre é inxusto mais non queriamos deixar fóra tantas voces que poñen en contexto o que propio informe sobre a enquisa amosa: como ve o profesorado galego a situación que estamos a vivir. Vai, por tanto, unha necesariamente breve escolma deses comentarios.

É necesario insistir na necesidade dun cambio de comportamento profesional da inspección educativa aquí en Galicia. Que se convertan dunha vez en figuras colaborativas e que aportan solucións tendo en conta ao profesorado, e que abandonen ese papel represivo e censor a que nos teñen acostumados no trato cara o profesorado. Cónstame que noutras comunidades a inspección é diferente á de aquí.

A Consellería e a Inspección, lonxe de axudar neste momento, adoptaron unha actitude de fiscalización do traballo que non fixo máis que engadir burocracia a unha situación de por si xa complexa. Por outro lado, non se nos pediu opinión absolutamente para nada e a maior parte da información que recibimos foi a través dos medios de comunicación.

A administración ninguneou o traballo e as funcións do profesorado de apoio e dos departamentos de Orientación. Animar e traballar co alumnado debe ser fundamental, pero facelo de xeito profesional e eficaz. Non se están a facilitar medios nin por parte dos equipos directivos nin por parte da inspección, só importa poñer cualificacións e seguir como se non houbera incidencia emocional na comunidade escolar.

A situación que estamos a vivir só deixa a mostra de que o profesorado galego volve a cargar con todo o peso da docencia. Non só en contidos senón tamén a nivel emocional, a través de moitos contactos co alumnado. Dende a Consellaría non fixeron moito mais que tirar pedras contra o noso tellado. Déixannos entre a espada e a parede posto que as familias buscan respostas que non podemos dar.

A 3ª avaliación non debe condicionar de xeito irreversible o futuro de ningún alumno ou alumna, dado que non todos/as tiveron as mesmas oportunidades, pero ao mesmo tempo tamén haberá que valorar o esforzo e traballo daquel alumnado que traballou e se esforzou durante todo este tempo e que tamén deberan ter unha recompensa a esa actitude.

Non dar por rematado o curso, cando unha parte do alumnado está literalmente en desconexión e coas situacións familiares que se están a vivir entre mortes, ERTES e demais, é unha auténtica desvergoña. Manter a selectividade nesta situación é criminal. E non preparar un plan de choque e rescate do ensino público con aumento orzamentario claro e contundente para o próximo curso é unha vileza.

Síntome especialmente molesta cando se fala da repetición de curso como excepción. Falo desde Primaria e pregúntome: e que non se aborda unha posible repetición SEMPRE como excepción? Non o facemos SEMPRE así?

Teño dúas nenas pequenas de 3 e 5 anos e resúltame moi complicado traballar, atendelas e facer o que lles mandan a cada unha do cole. O meu marido traballa en servizos mínimos e non pode case axudarme e polo tanto paso case 14 horas traballando de forma ininterrompida. O esforzo é máximo, e o estrés triplicouse. Grazas por ternos en conta. Un saúdo



No meu domicilio só teño conexión a internet mediante datos do móbil, o que limita moito o poder levar a teledocencia dun xeito decoroso. Xa lle comuniquei á dirección do centro as miñas limitacións técnicas e, de momento, non sei nada. Non debería a Consellería proporcionar ós seus traballadores os medios materiais e técnicos, ordenadores, conexións de banda ancha,...?

Como membro dun equipo directivo quero transmitir a miña desconformidade co trato recibido por parte da administración, sentímonos sós, desinformados e asumindo responsabilidades que non nos deberían competer así como a desconsideración amosada pola Consellería pola nosa saúde e a das nosas familias.

Débese falar tamén da incerteza dos opositores, do corte de contratos vixentes, da decisión de non cubrir as baixas dos compañeiros/as durante a corentena... xa que todos estes factores van en detrimento da calidade da teleformación.

Moitos docentes substitutos traballamos arreo durante o curso, coa agravante do sucedido neste mes e o sobreesforzo que esixe, e como premio recibiremos a finalización do noso contrato a 30 de xuño: as políticas de austeridade mándannos ao paro o 1 de xullo.



Estudo realizado entre o 11 e o 16 de abril de 2020.

Ámbito: profesorado galego do ensino público non universitario.

Formulario en liña:  
[enquisa.cig-ensino.gal](https://enquisa.cig-ensino.gal)

6.352 respostas.



*9570 NON É UNHA ESCOLA.*